

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BOIRO

*Anuncio de publicación da relación provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso de estabilización de prazas de conserxe*

#### ANUNCIO

Por resolución de alcaldía de data 14/03/2023 aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para a provisión en propiedade de catro prazas de conserxe, persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Boiro para a estabilización de emprego temporal de longa duración:

“**EXPEDIENTE:** 6797/2022

**ASUNTO:** RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE SEIS PRAZAS DE CONSERXE, PERSOAL LABORAL FIXO, INCLUÍDO NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE BOIRO PARA A ESTABILIZACIÓN EXCEPCIONAL DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN.

**CÓDIGO DO PROCEDEMENTO:** 29/2022

**DOCUMENTO:** RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data de 14/12/2022 aprobáronse, entre outros, as bases xerais e específicas que rexen a convocatoria do proceso selectivo para a provisión en propiedade de seis prazas de conserxe (catro cupo xeral e 2 cupo reserva discapacidade), persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Boiro para a estabilización excepcional de emprego temporal de longa duración.

O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 238 de data de 19 de decembro de 2022, no Diario Oficial de Galicia e na páxina web do concello [www.boiro.gal](http://www.boiro.gal).

Con data 28 de decembro de 2022 publicouse o anuncio de dita convocatoria no BOE, abrindo o prazo de presentación de solicitudes.

O 26 de xaneiro de 2023 rematou o prazo para a presentación de instancias de solicitude para tomar parte no proceso selectivo.

#### RESOLVO:

**Primeiro.-** Aprobar a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para a provisión en propiedade de catro prazas de conserxe – cupo xeral-, persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Boiro para a estabilización excepcional de emprego temporal de longa duración, con indicación da causa de exclusión provisional, e dispoñer a súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia da Coruña”, concedendo un prazo improrrogable de dez días hábiles (contados a partir do seguinte ao da publicación) para emendar os defectos que motivasen a exclusión ou omisión provisional da persoa aspirante.

Quen, dentro do prazo sinalado, non emende a exclusión ou omisión provisional xustificando o seu dereito á admisión, será definitivamente excluído/a do proceso selectivo.

A relación provisional de persoas admitidas e excluídas poderá consultarse, así mesmo, na páxina web do concello [www.boiro.gal](http://www.boiro.gal)

#### 1) Relación provisional de persoas admitidas:

NIF	NOME	CELGA 3
***8324**	FRANCISCO JAVIER FIGUEIRO RESUA	Exento/a
***5773**	IRENE TUBIO TORRADO	Exento/a
***5746**	JAIME CHOUZA SANTAMARIA	Exento/a
***7825**	JOAQUIN MAÑO LAPIDO	Exento/a

NIF	NOME	CELGA 3
***5987**	JOSE IGNACIO RODRIGUEZ FARIÑA	Exento/a
***3280**	JOSE JOAQUIN FERNANDEZ TOUCEDO	Exento/a
***8479**	MARCOS LESENDE RESUA	Exento/a
***5485**	MAURICIO PLACES VIDAL	Exento/a
***3489**	PABLO TORRADO OTERO	Exento/a
***3084**	RAMON ALBERTO ABUIN LAPIDO	Exento/a

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se deduza que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

## 2) Relación provisional de persoas excluídas:

NIF	NOME	CELGA 3	Motivo da exclusión
***0580**	MANUEL OUBIÑA LOSADA	Exento/a	Non presenta relación numerada dos méritos (Base específica terceira) - non acredita antigüidade para a bonificación de taxa

**Segundo.-** Aprobar a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para a provisión en propiedade de dúas prazas de conserxe – cupo reservado a persoas con outros tipos de discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%-, persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Boiro para a estabilización excepcional de emprego temporal de longa duración, con indicación da causa de exclusión provisional, e dispoñer a súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia da Coruña”, concedendo un prazo improrrogable de dez días hábiles (contados a partir do seguinte ao da publicación) para emendar os defectos que motivasen a exclusión ou omisión provisional da persoa aspirante.

Quen, dentro do prazo sinalado, non emende a exclusión ou omisión provisional xustificando o seu dereito á admisión, será definitivamente excluído/a do proceso selectivo.

A relación provisional de persoas admitidas e excluídas poderá consultarse, así mesmo, na páxina web do concello [www.boiro.gal](http://www.boiro.gal)

## - Relación provisional de persoas admitidas:

NIF	NOME	CELGA 3
***6690**	GERARDO LUIS MANEIRO ARAUJO	Exento/a
***3455**	MANUEL ANGEL ROMERO ALCALDE	Exento/a
***9408**	MANUEL FREIRE CABO	Exento/a
***6629**	SEBASTIAN LOJO VAZQUEZ	Exento/a

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se deduza que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

**Terceiro.-** Dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.”

Boiro, 14 de marzo de 2023  
O alcalde,  
José Ramón Romero García

2023/1816